

28.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 4 DE XULLO DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS NÚMS. 26/2016 E 27/2016 DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL CELEBRADAS O DÍA 20 DE XUÑO DE 2016 E 27 DE XUÑO DE 2016.

Acordouse aprobar as actas núms. 26/2016 e 27/2016 das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local de datas 20 de xuño de 2016 e 27 de xuño de 2016, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS.

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** ao Obispado de Lugo para renovación de cuberta da Igrexa Parroquial de San Lourenzo de Vilatuxe, Lalín, con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 22/06/16.

2.2.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para almacén agrícola en Porcallos-Goiás, Lalín, con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal

de data 13/06/16, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 21/06/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 873 euros.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

3.1.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para reforma de local e legalización de actividade, na praza da Igrexa, 2, Lalín con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe técnico municipal de data 21/06/16 e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 23/06/16 por importe de de 948,10 euros en concepto de ICIO.

4.- INFORMES PREVIOS.

4.1.- Acordouse **aprobar informe do técnico municipal, de data 22/06/16**, emitido en relación á comunicación previa de obras para conservación de cuberta e fachada na capela de Monserrat na Avda. Monserrat, 41 e remitir o expediente completo ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

4.2.- Acordouse **aprobar o informe do técnico municipal, de data 17/06/16**, emitido en relación á comunicación previa para a reposición de tella en cuberta nunha vivenda situada na rúa Xoaquín Loriga, 10, e remitir o expediente completo ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

4.3.- Acordouse **aprobar o informe do técnico municipal, de data 22/06/16**, en relación coa licenza para demolición e edificación para apeiros de labranza en Castro, 12 – Méixome, e remitir o expediente completo ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

5.1.- Acordouse **adxudicar o contrato de servizos denominado “SERVIZO PARA DESENVOLVER O PROXECTO DOS CAMPAMENTOS DEPORTIVOS E DA ESCOLA DE VERÁN DO CONCELLO DE LALÍN”**, ás seguintes empresas:

- LOTE 1. CAMPAMENTOS DEPORTIVOS DE VERÁN, á empresa EDUVÍA, XESTIÓN CULTURA E LECER S.L., polo importe de 24.500 € (IVE incluído).

- LOTE 2: CAMPAMENTOS DEPORTIVOS DE NADAL á empresa EDUVÍA, XESTIÓN CULTURA E LECER S.L., polo importe de 1.600,00 € (IVE incluído).

- LOTE 3: ESCOLA DE VERÁN, á empresa COESCO S.L.U polo importe de 18.700,00 € (IVE incluído).

5.2.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 1.815,00 € (IVE incluído) con destino á **contratación do Servizo de análise da zona de afección potencial das Granxas no Concello de Lalín con suxeición ao réxime dos contratos menores**, e contratar con TYSGAL, S.C. a realización do citado servizo por un importe de 1.815,00 € e tendo en conta as consideracións expostas no informe elaborado polo Enxeñeiro Técnico Municipal con data de 23 de xuño de 2016.

5.3.- Acordouse **iniciar o expediente de contratación denominado “SUBMINISTRACIÓN DUNHA MÁQUINA TRITURADORA CON GRÚA PARA O CONCELLO DE LALÍN”** mediante procedemento aberto, trámite urxente e varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 56.261,99 € e un prazo de entrega de 30 días hábiles.

6.- FACTURAS E CONTAS.

6.1.- Acordouse aprobar a relación de **facturas nº 00084 por importe de 18.794,08 €.**

7.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

7.1.- Acordouse **asignar as prazas de aparcamento nº 7, 164, 165, 166, 167, 168, 169, 170, 173, 174, 175, 176, 177, 178, 179, 180, 181, 182 e 183** do Concello de Lalín.

7.2.- Acordouse **aprobar as BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS PARA O ANO 2016**, e autorizar o gasto polo importe de 11.000 euros.

7.3.- Acordouse **aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello**

de Lalín e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Lalín para a celebración da Cabalgata de Reis Magos que se celebrará o día 5 de xaneiro de 2017, que consta de dez cláusulas, asumindo as obrigas e compromisos que nel se recollen.

7.4.- Acordouse **autorizar a alta na Taxa** por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase do vado permanente na Rúa da Ponte, nº 37.

7.5.- Acordouse **aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento “SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NA RÚA MOLINERA – CONCELLO DE LALÍN”**, por importe de de 3.542,88 € cumpríndose desta forma a finalidade da subvención concedida, e adxudicando o subministro, mediante Decreto de Alcaldía, de 10/01/2016 á empresa FORMATESA, S.L, por importe de 3.542,88 €.

7.6.- Acordouse **aprobar a conta xustificativa de gastos do investimento “SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NO LUGAR DA IGREXA, PARROQUIA DE SANTISO”**, por importe de 3.701,39 €, e adxudicar o subministro, mediante acordo de Xunta de Goberno Local, de 01/02/2016, á empresa MONTEFARO ELECTRICIDADE, S.L, por importe de 3.701,39 €.

7.7.- Acordouse **solicitar á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural a inclusión dentro do proceso de reestruturación parcelaria** das zonas de Santa Baia de Losón, Cercio, Noceda-Bendoiro-Anzo-Madriñán-Busto, os solos de núcleo rural situados dentro do seu perímetro e correspondentes ós seguintes núcleos, aos efectos de que resulta beneficioso para os intereses municipais e dos veciños afectados pola concentración parcelaria.

7.8.- Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de atención sanitaria e sociosanitaria para á persoa solicitante por importe total de 214 €.

7.9.- Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 65,11 €.

7.10.- Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe de 130,76 €.

7.11.- Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 173,70 €.

7.12.- Acordouse **recoñecer a obriga a favor da Federación Galega de Municipios e Provincias por importe de 841,63 €** en concepto de cota de afiliación do Concello de Lalín correspondente ao exercicio 2016.

7.13.- Acordouse a **celebración do Campamento Deportivo no Mar** nas instalacións do albergue Municipal de Cabana de Bergantiños e nas outras instalacións que o Concello de Cabana poña a disposición, e anular a autorización de gasto por importe de 6.750 €, con destino ó pago polos servizos nas instalacións xuvenís solicitadas á Consellería de Política Social para o desenvolvemento do Campamento no Mar 2016.

7.14.- Acordouse **celebrar o contrato de arrendamento coa Comunidade de Montes Veciñais** en man común do lugar de Carrio.

8.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

8.1.- Deuse conta do escrito remitido a este Concello pola Secretaría Xeral de Cultura polo que se notifica a **exclusión da solicitude de subvención presentada polo Concello de Lalín** ao abeiro da ORDE do 11 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 para o desenvolvemento do proxecto denominado “Equipamento audiovisual e de iluminación e son no Auditorio Municipal”.

8.2.- Deuse conta do escrito remitido pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra polo que se notifica a **concesión dunha subvención ao Concello de Lalín por importe de 46.000,00 euros para a realización do investimento denominado “Adquisición dunha varredora”** ao abeiro das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2016).

8.3.- Deuse conta do escrito presentado pola **Asociación Cultural Virxe das Dores**, no que solicita que quede sen efecto a solicitude presentada con data 23 de xuño de 2016, para a celebración dunha festa o día 10 de xullo de 2016 na

carballeira de García Sánchez.

8.4.- Acordouse **conceder autorización municipal** para poñer unha mesa con augas e limonadas no exterior do Pazo de Liñares o día 6 de agosto de 2016, dende as 13:00 horas ás 14:00 horas, con motivo do seu enlace civil.

8.5.- Acordouse **conceder autorización municipal** para levar a cabo unha festa na Carballeira do Rodo o día 17 de xullo de 2016, pero no así un punto de luz, con motivo do seu 30 aniversario.

8.6.- Deuse **conta do escrito** presentado polo Presidente da Asociación de Empresarios de Deza no que solicita melloras no Polígono Industrial Lalín 2000.

8.7.- Deuse conta do escrito presentado pola Traballadora Social e Coordinadora do Servizo de Axuda no que solicita poder **participar na mesa de contratación** “Servizos de atención domiciliaria (Servizo de Axuda no Fogar prestación básica e para persoas en situación de dependencia)”.
